

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E
O CENTRO COMERCIAL ABERTO – ASOCIACIÓN DE
EMPRESARIOS DE DEZA

Lalín, 13 de novembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, **Don José Crespo Iglesias**, Alcalde do Concello de Lalín, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra **Don David Campos Cortés**, en nome e representación do Centro Comercial Aberto - Asociación de Empresarios de Deza, con CIF G36187169, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas polo seu cargo.

MANIFESTAN

1. Que o Concello de Lalín, segundo se sinala no artigo 25.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, exercerá en todo caso como competencias propias en materia de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante
2. Que a Asociación de Empresarios do Deza, coa finalidade de recoller as inquietudes do comercio e contribuír á dinamización do sector, puxo en marcha dende o ano 2011 o Centro Comercial Aberto que conta , na actualidade, cun número total de 110 socios,

e presta servizos de información especializada, asesoramento xurídico e formación.

3. Que a Asociación de Empresarios de Deza, coa finalidade de protexer e preservar os intereses dos empresarios da zona, colabora, desde o ano 2017, na seguridade dos Polígonos Industriais do municipio.
4. Que resulta de interese xeral e ten unha clara finalidade pública para o Concello de Lalín, colaborar na promoción dun sector estratéxico para a economía lalinense como é o SECTOR COMERCIO, dadas as especiais particularidades do mesmo:
 - a. A importancia do sector e as sinerxías con outros sectores estratéxicos, como a hostalería, o turismo e os servizos en xeral
 - b. A boa calidade dos produtos e artigos que son ofrecidos ao consumidor final
 - c. O efecto dinamizador que exerce sobre o pobo, principalmente o comercio situado na zona urbana propiamente dita
 - d. O atractivo que supón para os visitantes da nosa área de influencia (comarca do Deza e limítrofes)
5. Que a finalidade pública está determinada para colaborar cun sector estratéxico para a economía lalinense, xa que ao ser cabeceira de comarca, recibe visitantes doutros concellos limítrofes que veñen ata este concello para realizar as súas compras. O feito de que este sector non pase polos seus mellores momentos afecta, con carácter xeral, a todos os lalinenses xa que, repercute no ámbito laboral mediante a perda de postos de traballo. O peche de tendas redundará nun prexuízo para todos xa que fai menos atractiva a visita a Lalín coa perda que supón para

o resto dos comercios, e tamén para a hostalería, coa conseguinte perda de ingresos no Concello.

6. Que o Concello de Lalín pode establecer e impulsar acordos con diversas asociacións, promovendo a participación de todos os axentes sociais en actuacións de dinamización, promoción e fortalecemento do tecido comercial.
7. En virtude do exposto, que serve para xustificar a intervención do Concello de Lalín neste sector, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes que interveñen están interesadas en establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

1. Obxecto

O presente Convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 15.400 €, ao Centro Comercial Aberto - Asociación de Empresarios de Deza para o desenvolvemento no Concello de Lalín dun programa de promoción a sectores estratéxicos coma son o do Comercio e a Hostalería así coma os Servizos de Seguridade e Vixilancia no Polígono Industrial Lalín 2000, correspondentes ao ano 2025, con accións que potencien a súa dinamización defendendo así o consumo local para que repercuta directamente no municipio, na súa calidade de vida e na dos veciños do mesmo.

2. **Normativa**

- Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista
- Lei 38/ 2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 9/ 2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases 32 a 35 de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Lalín para o ano 2025.

3. **Contido do programa e actuacións a desenvolver**

Este convenio servirá para desenvolver un programa de actuacións en colaboración co Concello de Lalín, que consistirán en:

- Campañas de dinamización comercial, realizadas durante o ano 2025
 - Campaña de Rebaixas de Inverno * Rebaixas de verán.
 - Día da Nai.
 - Noite Branca.
 - Concurso Deztápate
- Servizos de Seguridade e Vixilancia no Polígono Industrial Lalín 2000, correspondentes ao ano 2025.

En todo caso e preciso que o beneficiario da axuda deberá presentar a seguinte documentación no prazo de dez días naturais desde a sinatura do convenio:

- Memoria explicativa e detallada onde figure o programa de actividades
- Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas como pendentes de resolución, para as actividades obxecto deste Convenio

4. **Centro Comercial Aberto – Asociación De Empresarios De Deza obrígase a:**

- Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración co Concello de Lalín.
- Cumprimento dos programas para os que se concede a subvención.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Lalín e/ou pola Concillería Promoción Económica, Comercio e Emprego, polo Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.

5. **O Centro Comercial Aberto – Asociación De Empresarios De Deza comprométese a** cumprir a Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e o Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica

6. **Natureza**

Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración e dinamización comercial, entendendo que a cantidade á que o **Concello de Lalín se compromete con 15.400 €** é para cubrir

gastos esenciais das actuacións a desenvolver no marco deste convenio, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

7. **Orzamento**

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lalín incluíu unha partida no Orzamento Xeral do Concello de Lalín para o ano 2025 co obxectivo de conceder unha subvención nominativa para as actividades de promoción sinaladas na cláusula terceira. Terán a consideración de gastos subvencionables os gastos realizados, para estas finalidades, desde o 1 de xaneiro de 2025 ata a finalización do período de xustificación da subvención (15 de decembro de 2025).

A contía da axuda distribúese nos seguintes conceptos subvencionables:

- **Campañas de dinamización comercial: 10.000 €**
 - Campaña de rebaixas de inverno e verán –500€
Promoción en redes, cartelería e difusión en medios locais.
 - Campaña Día da nai –600€
Cartelería, sorteos e publicidade en redes e medios.
 - Noite Branca –6.900€

Cartelería, sorteos e publicidade en redes e medios, actividades musicais, iluminación, decoración nas rúase promocións especiais.

- Concurso de Tapas 'Deztápte' –2.000€

Organización e promoción do certame gastronómico con participación de locais de hostalaría, premios, publicidade e loxística

- **Servizos de Seguridade e Vixilancia no Polígono. Ind. Lalín 2000: 5.400 €.**

Estes gastos poderán estar suxeitos a variacións, é dicir, permítese flexibilidades nos mesmos, sempre e cando se trate de gastos correntes destinados á realización das actividades subvencionadas.

Da totalidade do importe subvencionado polo Concello de Lalín so poderá librase como máximo o 60%, en concepto de anticipo unha vez aprobado e asinado o presente Convenio, logo da presentación de solicitude do beneficiario, por falta de liquidez para facer fronte ós gastos. Esta circunstancia deberá xustificarse previamente. Sobre esta circunstancia estarase o disposto no Capítulo III réxime de subvencións das bases de execución do orzamento xeral do exercicio económico 2025.

8. **Forma de pagamento**

O pagamento da cantidade a financiar polo Concello de Lalín, á que se refire a cláusula anterior, librarase a medida que se realicen os programas e actuacións a desenvolver (actividades de difusión, publicidade, dinamización etc) e o centro comercial aberto presente a conta xustificativa das mesmas, que en todo

caso debe ser presentada como moi tarde o día 15 de decembro de 2025, polo que as facturas e documentos xustificativos do gasto non poderán ter data posterior e deberán estar pagadas.

A **conta xustificativa** de cada unha das campañas subvencionadas deberá constar da seguinte **documentación**:

- Unha **Memoria** da totalidade da actividade realizada: Esa memoria conterá unha relación das actividades feitas e unha relación clasificada dos gastos por cada actividade feita, con identificación do acredor e do documento xustificativo, o seu importe, a data de emisión da factura, e a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (LXS)
- **Orzamento** detallado de ingresos e gastos das actividades subvencionadas
- **Facturas orixinais** (con todos os requisitos esixidos polo RD 1619/2012 de 30 de novembro) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total, como máximo, do gasto subvencionable, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento).

Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa

seguinte lenda: “En cumprimento da Lei 38/2003 do 17 de novembro esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención en concepto de colaboración de coa Asociación de empresarios de Deza no ano 2025”.

Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos.

A factura deberá vir especificada en moeda local e recoller a data de emisión da factura. Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se a criterio do Concello o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduxa unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada; Reflectirá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio); Reflectirá os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio); Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflectirse o IVA correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse “IVE incluído”.

- o **Xustificantes de pago** das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil utilizados para a xustificación. Só se admitirán os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as

facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia. No caso de pagos por importe igual ou inferior a 200 euros admitirase o pago en metálico ou cheque sempre e cando se faga constar na factura o selo do provedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma e ademais , no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón. No caso de pagos en metálico, correspóndelle ao Concello comprobar a xustificación dese medio de pago que farase constar en informe xustificativo no que se acredite que o pago mediante transferencia ou cheque suporía unha carga desproporcionada para o beneficiario tendo en conta a finalidade da subvención e a natureza do gasto. Atenderase para facer ese informe de forma prioritaria á contía do pago. De non xustificarse ese pago en metálico , se entenderá non xustificado esa contía do gasto.

No caso de que se teñan realizado pagos que supoñan retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo, de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.

- **Declaración xurada** sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas tanto aprobadas como pendentes de resolución.
- **Designación** da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal.

- No caso de que a subvención se destine a financiar unha subministración ou servizo de máis de 15.000,00 € sen IVE teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS (non será preciso solicitar tres orzamentos si para o gasto, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención)
- **Certificación** de que o beneficiario se atopa **ao corrente** no cumprimento das súas **obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social**, no caso de que non puidera obter eses certificados o Concello e o prazo de validez dos xa presentados xa rematara, conforme co estipulado no apartado e) do artigo 14 da lei 38/2003 de 17 de novembro
- **Declaración xurada** expedida polo Presidente relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida
O **gasto xustificado** documentalmente deberá acadar, como **mínimo**, o importe a que ascende o **orzamento** de gastos recollido na cláusula quinta. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente
- **Declaración responsable** de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

9. Causas de reintegro da subvención

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A Asociación de empresarios de Deza (CIF G-36.187.169) quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

Para os supostos non previstos neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2025, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu regulamento e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

10. Comisión de seguimento

Para garantir o cumprimento deste convenio, créase unha comisión paritaria mixta de seguimento, constituída por un técnico da área de Comercio/Emprego e un técnico do Centro Comercial Aberto - Asociación de Empresarios de Deza, coordinando o seu desenvolvemento e que estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución, sendo os seus acordos de execución inmediata.

11. **Cuestións litixiosas**

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso administrativa.

12. **Resolución do convenio**

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

13. **Vixencia do convenio**

O período de vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, serán subvencionables aqueles gastos que se produzan entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2025.

Lido polas partes e coma proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

POLO CONCELLO DE LALÍN

O Alcalde,

Asdo.: Don José Crespo Iglesias

POLA ASOC. Centro comercial aberto

Asociación de empresarios de Deza

O Presidente,

Asdo.: Don David Campos Cortés